



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia da arte medieval

Materia	Historia da arte medieval			
Código	O02G251V01404			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda Nodar Fernández, Victoriano			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda Nodar Fernández, Victoriano			
Correo-e	vnodar@uvigo.es barriocanal@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.es">http://moovi.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Proporcionar ao estudante o coñecemento das principais manifestacións artísticas da Idade Media europea, iniciándose ao tempo nas diferentes correntes metodolóxicas para a súa comprensión e análise			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C24	Conciencia crítica das coordenadas espazo-temporais da Historia da Arte
C25	Visión diacrónica xeral da Historia da Arte Universal
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia
C31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
C32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos.	A3 A5	B2	C24 C25 C29	D1

Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	A2 A3	B2	C24	D7
Lectura da obra de arte da Idade Media como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	A4	B2	C25 C28	D2 D5
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	A2 A4		C31 C32	D2

## Contidos

Tema	
1. O prerrománico	1.1. Arte paleocristián: frescos catacumbarios e imaxes en pedra. Arquitectura eclesial. 1.2. Arte bizantino en Constantinopla e Rávena. 1.3. Arte occidental na Europa das invasións
2. O Románico	2.1. O mosteiro medieval. Igrexas de peregrinación: arquetipo dun estilo. O templo románico. 2.2. A escultura románica. 2.3. A pintura románica
3. O Gótico	3.1. A arquitectura gótica nos séculos XII e XIII: cisterciense, cartuxana e mendicante. A Europa das catedrais. 3.2. A escultura gótica. 3.3. A pintura gótica: estilos.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	18	30	48
Eventos científicos	2	0	2
Saídas de estudo	5	10	15
Traballo tutelado	10	30	40
Seminario	5	3	8
Traballo	3	7	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	9	10
Observación sistemática	1	1	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	9	10
Cartafol/dossier	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións previas, orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e de toma de contacto cos estudantes
Lección maxistral	Exposición oral complementada co emprego de medios audiovisuais, por parte do profesor, dos contidos teóricos da materia
Eventos científicos	Asistencia a eventos docentes e/ou divulgativos programados
Saídas de estudo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo á contorna académica universitaria relacionadas co ámbito do estudio da materia (visitas a institucións museísticas, colección de arte, monumentos, etc.)
Traballo tutelado	Metodoloxía deseñada para promover o aprendizaxe autónomo dos estudantes, baixo a tutela do profesor, na realización de traballos individuais sobre aspectos vinculados ás manifestacións artísticas da Idade Media
Seminario	Asesoramento, seguimento e orientación no proceso de execución dos traballos tutelados a realizar polo estudante así como das probas de avaliación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución de dúbidas plantexadas na realización dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo	Os traballos tutelados serán avaliados unha entregados na Plataforma MooVi. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Interpretación das obras de arte no período de estudo desde unha perspectiva metodolóxica múltiple.	20	A2 A4	C31 C32	D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta longa de carácter transversal na que terá que relacionar diferentes contidos e ideas do temario. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre os 10 do total). Con isto o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecer as manifestacións artísticas medievais como resultado dun complexo proceso.	40	A3 A5	B2 C24 C25 C29	D1
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase o traballo autónomo do alumnado en foros, debates, comentarios de obras de arte na aula etc. Con isto o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos a resolución de problemas.	10	A2 A3 A4 A5		
Resolución de problemas e/ou exercicios	A sesión maxistral será avaliada tamén mediante unha proba na que o alumnado terá que comentar por escrito unha serie de obras de arte do período estudado aplicando en cada unha delas os coñecementos adquiridos.	20	A3 A5	B2 C24 C25 C29	D1
Cartafol/dossier	Informe das saídas de estudo programadas como complemento da materia. Con este o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: coñecemento do contorno e territorio próximo e dos seus aspectos históricos e artísticos.	10	A3 A5	B2 C24 C25 C29	D1

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moovi, da Universidade de Vigo, que permitirán acceso aos materiais precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través da TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc..).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo). Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

BANGO TORVISO, Isidro, **Alta edad Media: de la tradición hispanogoda al románico**, 1ª ed., Sílex, 1989  
BECKWITH, John, **El arte de la Alta Edad Media: carolingio, otónico, románico**, 1ª ed., Destino, 1995

- BECKWITH, John, **Arte paleocristiano y bizantino**, 1ª ed., Cátedra, 1997
- CONANT, Kenneth John, **Arquitectura carolingia y románica, 800-1200**, 2ª ed., Cátedra, 1991
- DUBY, G., **La época de las catedrales: arte y sociedad, 980-1420**, 3ª ed., Cátedra, 1997
- ETTINGHAUSEN, Richard, **Arte y arquitectura del Islam, 650-1250**, 4ª ed., Cátedra, 2005
- KRAUTHEIMER, J., **Arquitectura paleocristiana y bizantina**, 1ª ed., Cátedra, 1984
- WILLIANSO, Paul, **Escultura gótica. 1140-1330**, 1ª ed., Cátedra, 1997
- YARZA LUACES, Joaquín, **Baja Edad Media: los siglos del gótico**, 1ª ed., Sílex, 1992
- YARZA LUACES, Joaquín, **Arte y arquitectura en España**, 6ª ed., Cátedra, 1990
- Bibliografía Complementaria**
- BRUYNE, Edgan de, **La estética de la Edad Media**, 1ª ed., Visor, 1988
- SIMSON, Otto von, **La catedral gótica. Los orígenes de la arquitectura gótica y el concepto medieval del orden**, 1ª ed., Alianza, 1980
- TOMAN, Rolf, **El gótico: arquitectura, escultura y pintura**, 1ª ed., Ullman & Könemann, 2002

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos da plataforma Moovi, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

---